

DIRIXIDO A

Este Workshop que organiza a Escola Galega da Paisaxe na Fundación Juana de Veiga, está dirixido a titulados universitarios de grao superior ou medio que desenvolven a súa actividade en proxectos de enxeñaría, arquitectura, xardinaría ou paisaxismo, así como a estudantes de ensinos técnicos ou con vocación de especializarse dentro do campo da paisaxe.

Matrícula:

O importe da matrícula é de 200,00 €.

Inclúe: material docente, desprazamento a Fundación ao ámbito de actuación, o coffee break e o xantar.

Preinscrición:

Para formalizar a matrícula, as persoas que estean interesadas deben cubrir o formulario de matrícula, acompañado dun curriculum vitae cunha extensión máxima dun folio. Tanto o formulario como o curriculum deben ser remitidos á Escola Galega dá Paisaxe antes do 6 de agosto.

Selección de alumnos:

Das solicitudes de matrícula formalizadas, seleccionaranse un máximo de 25 participantes. Para facer a selección valorarase a adecuación do perfil académico e/ou profesional dos solicitantes á actividade a desenvolver no Workshop.

Formalización da matrícula:

Os alumnos seleccionados recibirán unha comunicación por correo electrónico e deberán efectuar o pago da matrícula na conta **ES45-0238-8101-270600086361** antes do 20 de agosto. Se nesa data non se realizou o pago da matrícula, entenderase que renuncia á súa praza e darase entrada ao seguinte alumno seleccionado da lista de preinscritos.